

do desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vilaxoán, 15 de febreiro de 2010.

Rosa M^a Quintana Carballo
Presidenta do Consello de Administración
do Instituto Tecnolóxico para o Control
do Medio Mariño de Galicia

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Anuncio do 22 de xaneiro de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca, para vinculación temporal de interinidade, unha praza de facultativo especialista da Área de Radiodiagnóstico.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde do 15 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a vinculación temporal de interinidade dunha praza de facultativo especialista da Área de Radiodiagnóstico.

A citada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do complexo hospitalario no prazo de quince días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Pontevedra, 22 de xaneiro de 2010.

José Manuel González Álvarez
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Pontevedra

Anuncio do 1 de febreiro de 2010, da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión de diversos postos de persoal licenciado sanitario (xefaturas de servizo e unidade).

De conformidade co establecido no artigo 50 e no anexo do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (*Diario*

Oficial de Galicia nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas no artigo 3 da Orde do 24 de maio de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5 j) da Orde do 15 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos relacionados no anexo, así como aprobar as bases e o modelo de solicitude de participación que rexerán nesta convocatoria.

Segundo.-Poderán concorrer a ela o persoal estatutario licenciado sanitario con vínculo de fixeza que reúna os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Terceiro.-A mencionada convocatoria estará exposta no taboleiro de anuncios da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Cuarto.-O prazo de presentación de instancias será de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes deberanse dirixir ao director xerente de Atención Primaria de Lugo e poderán ser presentadas no Rexistro de Entrada da Xerencia ou en calquera rexistro xeral dos servizos do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Lugo, 1 de febreiro de 2010.

José Benito Pardo López-Abad
Director xerente de Atención Primaria de Lugo

ANEXO

Clase de persoal: persoal estatutario licenciado sanitario.

Denominación do posto: sete (7) prazas de xefe de servizo de atención primaria e sete (7) prazas de xefe de unidade de atención primaria.

Grupo de clasificación: A1.

Centro directivo: Xerencia de Atención Primaria de Lugo.

Complemento de destino: xefatura de servizo 26, xefatura de unidade 24.